

PAPÁ OSO VOLVE Á CASA

Texto de ELSE HOLMELUND MINARIK

Ilustracións de MAURICE SENDAK

Tradución de SANDRA e ÓSCAR SENRA GÓMEZ

Encadernado en cartón. 15 x 23 cm. 64 páx. 12 €.

ALA NOTABLE CHILDREN'S BOOK
HORN BOOK FANFARE
NEW YORK TIMES BEST ILLUSTRATED BOOK

Papá Oso volve á casa (galego)

ISBN 978-84-8464-943-4. Tras os montes.

Papá Oso vuelve a casa (castelán)

ISBN 978-84-8464-942-7. Libros para soñar.

El pare Ós torna a casa (catalán)

ISBN 978-84-8464-930-4. Llibres per a somniar.

Hartz Alta etxera dator (éuscaro)

ISBN 978-84-7681-897-8. Kalandraka-Pamiela.

Pal Urso está de volta (portugués)

ISBN 978-989-749-050-7. Livros para sonhar.

–Osiño –dixo Mamá Osa–, queres ser o meu pescador?

–Quero, si! –respondeu Osiño.

–Que ben! –dixo Mamá Osa–. Vas ao río e pescas un peixe para nós?

–Vou, si! –respondeu Osiño.

Osiño foi ao río e alí encontrou a Bufo sentado nun tronco...

A figura paterna centra os relatos agrupados en “Papá Oso volve á casa”, que se enmarcan nun contexto doméstico, da vida cotiá e de familiaridade con outros habitantes do bosque. Osiño fainos partícipes dos seus soños e arelas: parecerse ao seu pai e imaxinarse pescando no mar coma él, aínda que teña que conformarse cun tronco a modo de barco e cun peixe pequeno como única captura no río.

A noticia do seu regreso ilusiona a Osiño coa idea de coñecer unha serea; e con el, outros animais van recibilo, malia que da serea non haxa máis rastro que a hipótese dunhas burbullas na auga e o rumor do mar nunha bucina. Niso se entretiñan Osiño e os seus amigos cando ao protagonista deulle un ataque de imo que todos intentan axudarlle a superar aínda que, no intento, rompan a serenidade coa que Papá Oso le o seu xornal.

Os textos de Else Holmelund Minarik posúen o encanto, a naturalidade e a frescura da nenez. O humor, as repeticións, a estrutura acumulativa e o *nonsense* están presentes nestas historias que Maurice Sendak ilustra co clasicismo que caracteriza toda a colección, achegando elementos imaxinarios que enriquecen a narración.



■ **Temática:** a figura paterna.

■ **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.

■ **Aspectos destacables:** do autor e ilustrador da triloxía “Onde viven os monstros”, “Na cociña de noite” e “Máis alá da fiestra”, entre outros; outros títulos da serie: “Osiño”, “Un bico para Osiño”, “A visita de Osiño”, “A amiga de Osiño”; familia; imaxinación; amigos.

Else Holmelund Minarik

(Dinamarca, 1920 - Estados Unidos, 2012)

Emigrou aos Estados Unidos coa súa familia cando tiña catro anos. Estudou Psicoloxía e Arte na Universidade de Nova York. Traballou como xornalista e profesora. Autora da serie “Osiño” e doutros libros de Literatura Infantil e Xuvenil.

Maurice Sendak

(Brooklyn, Nueva York, 1928 - Connecticut, 2012)

Dende 1951 realizou máis de 90 libros infantís, unha prestixiosa traxectoria pola que recibiu en 1970 o Premio Andersen e o Premio Laura Ingalls Wilder en 1983. En 1996 o Goberno dos Estados Unidos entregoulle a Medalla Nacional das Artes e en 2003 concedéronlle o Premio Internacional Astrid Lindgren de Literatura Infantil, xunto coa autora austríaca Christine Nöstlinger. Estudou Pintura e Debuxo na Art Students League de Nova York. Conseguiu o seu primeiro emprego como ilustrador para All America Comics e en 1951 comezou a traballar como ilustrador para a editorial Harper and Brothers. Impulsou unha auténtica revolución no panorama literario infantil polas ideas, a forma e o contido dos seus libros.



www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com